

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 29 de novembro de 2013

Neste proxecto introducíronse modificacións que se comunicaron ao Consello Galego de Estatística e resultaron aprobadas con data 26 de novembro de 2024

# Addenda ao proxecto técnico 41-101 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia (actualmente 4101-02-OE06 Galicia Dixital: Sistema de indicadores)

## Introdución **engádese**

O OSIMGA aborda a actualización do modelo de indicadores en 2023. Esta modificación do proxecto técnico ven motivada por:

- Actualización dos indicadores referentes ao ámbito da Administración electrónica debido á saturación ou que deixaron de estar publicados algúns indicadores.
- Actualización dos indicadores referentes ao ámbito das Empresas, debido a que deixaron de estar dispoñibles os indicadores de interacción das empresas coas administracións públicas.
- Actualización dos indicadores de conectividade a internet e velocidade dispoñible en todos os ámbitos, ao quedar o concepto "banda larga" obsoleto, xa que abarca a práctica a totalidade das conexións a internet dispoñibles na actualidade.
- No ámbito da administración, ao estar dispoñibles de forma dixital case todos os procedementos administrativos de oferta que se miden faise recomendable achegar novos indicadores que dean conta do seu uso por parte da poboación.
- Inclusión de formas máis precisas de definir o uso do software libre no ámbito do sector TIC.
- Medición de uso de novas tecnoloxías no fogar, de recente aparición, concretamente a domótica conectada a internet.

## Descrición do sector TIC **modifícase, en gris os cambios**

**Táboa I: Definición do sector TIC**  
(En base ISIC Rev.4, NACE Rev.2 -CNAE 2009)

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
<b>INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC</b>		
261	2611	Fabricación de compoñentes electrónicos
	2612	Fabricación de circuitos impresos ensamblados
262	2620	Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
263	2630	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións
264	2640	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
268	2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
<b>INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC</b>		
465	4651	Comercio por xunto de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos
	4652	Comercio por xunto de equipamentos electrónicos e de telecomunicacións e os seus compoñentes
<b>INDUSTRIAS DE SERVICIOS TIC</b>		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
582	5821	Edición de videoxogos
	5829	Edición doutros programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
611	6110	Telecomunicacións por cable
612	6120	Telecomunicacións sen fíos
613	6130	Telecomunicacións por satélite
619	6190	Outras actividades de telecomunicacións
ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO		
620	6201	Actividades de programación informática
	6202	Actividades de consultaría informática
	6203	Xestión de recursos informáticos
	6209	Outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información e a informática
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS		
631	6311	Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas
	6312	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS COMUNICACIONAIS		
951	9511	Reparación de ordenadores e equipamentos periféricos
	9512	Reparación de equipamentos de comunicación

## Xustificación da selección das fontes de información **modifícase, o apartado “Empresas TIC de Galicia”**

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA):

- Empresas TIC de Galicia.

Esta enquisa constitúe a fonte de referencia principal das estatísticas do sector TIC de Galicia (actualmente 4102-01-OE06 Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia).

## Xustificación da selección das fontes de información **engádese, ao final**

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Sistema de Indicadores da administración dixital creado pola Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, mide a evolución e o impacto do desenvolvemento dixital do sector público autonómico galego.

## Indicadores de oferta: **SECTOR TIC modifícase, en gris os cambios**

Código	Indicador	Fonte
TIC_01	Número de empresas do sector TIC	Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE
TIC_02	Emprego do sector TIC: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Total de afiliacións en alta laboral no sector TIC</li> <li>- Porcentaxe sobre o total de afiliacións en alta laboral en Galicia en todas as actividades</li> </ul>	Estatística de afiliacións á Seguridade Social, IGE
TIC_03	Volume de negocios do sector TIC	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA
TIC_04	Contribución do sector TIC ao PIB	Contas Económicas Anuais. IGE
TIC_05	Porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades de I+D no último ano	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA
TIC_06	Uso de software libre nas empresas TIC: porcentaxe de empresas TIC nas que o uso de aplicacións de Software Libre é igual ou superior ao do software privativo	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA

Código	Indicador	Fonte
TIC_07	Porcentaxe de aplicacións nas que se ten instalada algunha solución de software libre	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA
TIC_08	Porcentaxe de empresas do sector TIC, que teñen 10 ou máis empregados contratados e que venderon a través de Internet no último ano	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA

### Indicadores de oferta: ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Código	Indicador	Fonte
eADMON_01	Porcentaxe de persoas de 16 a 74 anos que interactuaron coas administracións públicas a través de Internet nos últimos doce meses por motivos persoais	Enquisa de Condicións de Vida. IGE (a. 2103-02-OE06)
eADMON_02	Número de persoas no sistema de rexistro electrónico	Sistema de Indicadores da Admón. Dixital AMTEGA
eADMON_03	Número de persoas distintas con notificación electrónica: persoas físicas	Sistema de Indicadores da Admón Dixital. AMTEGA
eADMON_04	Porcentaxe de entradas electrónicas no sistema de rexistro	Estatística sobre a admón. electrónica na Xunta de Galicia AMTEGA
eADMON_05	Porcentaxe de presentacións realizadas na sede electrónica da Xunta en relación ao total	Estatística sobre a admón. electrónica na Xunta de Galicia AMTEGA
eADMON_06	Número de procedementos dispoñibles para a tramitación electrónica completa en liña	Estatística da administración dixital nos concellos galegos. AMTEGA. (a. 4103-02-OE06)
eADMON_07	Orzamento TIC/orzamento total	Informe da Administración electrónica nas CCAA, Observatorio da Administración Electrónica, Ministerio de Administracións Públicas

Código	Indicador	Fonte
eADMON_08	Número de persoas interesadas con presentación en sede electrónica	Sistema de Indicadores da Admón Dixital AMTEGA
eADMON_09	Número de persoas distintas con notificación electrónica: persoas xurídicas	Sistema de Indicadores da Admón Dixital AMTEGA

#### Indicadores de demanda: POBOACIÓN

Código	Indicador	Fonte
POB_01	Número de categorías de dispositivos conectables a internet dispoñibles no fogar	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_02	Porcentaxe de fogares que dispoñen de conexión a Internet contratado	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_03	Fogares con acceso a internet e con velocidade máxima de descarga de 100 Mb/seg. ou superior	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_04	Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_05	Porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_06	Porcentaxe de persoas que adquiriron algún produto ou servizo por Internet nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE

#### Indicadores de demanda: EMPRESAS

Código	Indicador	Fonte
EMP_01	Porcentaxe de empresas de 10 ou máis empregados/as que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_02	Porcentaxe de empresas de 10 ou máis empregados/as con acceso a internet e velocidade máxima de descarga de 100 Mb/seg. ou superior	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE

Código	Indicador	Fonte
EMP_03	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet e páxina web	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_04	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que compraron a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_05	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que venderon algún produto ou servizo a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_06	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_07	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con banda larga fixa e velocidade máxima de descarga de 100 Mb/seg. ou máis	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_08	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet e páxina web	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_09	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as que compraron a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE
EMP_10	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as que venderon algún produto ou servizo a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE

### Fontes de Información **modifícase e engádese, ao final do apartado**

Estatística da Administración electrónica nos Concellos de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) (actualmente Estatística da administración dixital nos concellos galegos)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Estatística realizada polo OSIMGA entre os concellos de Galicia

Organismo que facilita a información: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Os resultados desta estatística poden consultarse na páxina web do OSIMGA: [<http://www.osimga.org/gl/documentos/doc\\_propios/eadministracion/>](http://www.osimga.org/gl/documentos/doc_propios/eadministracion/)

Ámbito poboacional: A poboación obxecto de investigación está formada por todos os **concellos** de Galicia

Ámbito temporal: esta estatística realízase cada dous anos

Unidades de información: a unidade básica da análise é a parte da Administración local correspondente aos concellos de Galicia

Variables empregadas referidas á parte da Administración local dos concellos de Galicia, obtidos de forma directa a partir da estatística:

- Porcentaxe de concellos de Galicia que dispoñen de servizos completos na súa sede electrónica. Servizos incluídos: rexistro electrónico, identificación electrónica dos cidadáns, notificacións electrónicas, formularios de inicio de trámites, carpetas do cidadán, comunicacións administrativas entre os cidadáns e outras AAPP, certificacións electrónicas, consulta do estado dos trámites, compulsas electrónica e pagamentos electrónicos

**Sistema de indicadores da administración dixital. AMTEGA**

Tipo de actividade da orixe dos datos: estatística propia realizada por AMTEGA

Organismo que facilita a información: AMTEGA, que difunde en: <https://indicadores-adixital.xunta.gal/portal-bi-internet/dashboardPlus/DashboardPlus.action?selectedScope=EADMIN-PUB&templateSelected=PUBLIC-EADMIN-DPLUS>

Ámbito poboacional: todos os procedementos administrativos dirixidos a persoas físicas e xurídicas que poden iniciarse na Xunta de Galicia, incluíndo as súas diferentes delegacións territoriais.

Ámbito temporal: actualízanse os datos mensualmente, aínda que nesta operación utilízanse os resumos anuais.

Unidades de información: persoas físicas, persoas xurídicas, número de procedementos realizados, número de entradas na sede electrónica e número de rexistros.

Variables empregadas: Este sistema está constituído polos indicadores do funcionamento da propia Administración, a partir da información dispoñible facilitada directamente.

- Número de persoas interesadas con presentación en sede electrónica
- Número de persoas distintas con notificación electrónica: persoas xurídicas

**Procedemento de cálculo [engádese, ao final do apartado](#)**

**Indicador TIC\_07**

O obxectivo do indicador é medir a extensión do uso do Software Libre nas empresas do sector TIC en diversos ámbitos de traballo ou funcións, para calquera tipo de dispositivo electrónico de uso empresarial.

Dos seguintes tipos de aplicacións que poden ter as empresas en calquera tipo de dispositivo dixital utilizado para a súa actividade empresarial, contabilízase as que dispoñen de Software Libre en aplicacións para as seguintes funcionalidades: A Ofimática, B Navegador de internet, C Xestor de correo electrónico, D Antivirus e seguridade, E Aplicacións de xestión empresarial, contabilidade e facturación, F Xestión de contidos web G Aplicacións de cooperación e traballo en grupo H Aplicacións de formación e educación a distancia, I Aplicacións para o desenvolvemento de software, K Aplicacións para o deseño gráfico, multimedia e audiovisual, L BIG DATA, M Intelixencia Artificial, N Impresión 3D, O Robótica.

Este indicador é o cociente entre o número de funcionalidades nas que dispoñen de software libre e o número total de funcionalidades que dispoñen na empresa. Son respostas positivas, a contabilizar no numerador do cociente, aquelas nas que se dispón de Software Libre no tipo de aplicación descrita, independentemente de se ademais dispón ou non de Software de tipo privativo.

O denominador do cociente conta os tipos de aplicacións dispoñibles na empresa, sexa libre, sexan privativas ou ambas, instaladas en ordenadores ou servidores.

Para cada unha das empresas enquisadas calcúlase a porcentaxe de funcionalidades con Software Libre. O indicador obtense como a media ponderada destes valores tomando como ponderacións a porcentaxe de empresas segundo o tamaño da empresa e o sector de actividade na totalidade da poboación de empresas TIC (datos obtidos do Directorio de Empresas e Unidades Locais con actividade económica en Galicia).

#### **Indicador eAdmon\_06**

O obxectivo do indicador é coñecer a cantidade de servizos dispoñibles nas sedes electrónicas dos concellos que non precisan realizar trámites fóra das mesmas para ser completados.

Para cada un dos seguintes procedementos dispoñemos da porcentaxe de concellos que os ofertan con posibilidade de tramitación completa:

1 Identificación electrónica dos cidadáns 2 Rexistro electrónico, 3 Pagos electrónicos, 4 Notificacións electrónicas, 5 Certificacións electrónicas, 6 Compulsa electrónica, 7 Comunicacions administrativas electrónicas entre a entidade, os cidadáns e outras AAPP , 8 Carpeta do cidadán, 9 Formularios electrónicos de inicio de trámites, 10 Consulta do estado dos trámites.

O indicador calcúlase como a media aritmética das porcentaxes de todos os procedementos dividido entre 100 e multiplicado polo número de procedementos.

#### **Indicador POB\_01**

O obxectivo deste indicador é medir o nivel de dixitalización dos fogares galegos.

O IGE facilita os microdatos do módulo de novas tecnoloxías da enquisa estrutural aos fogares. O indicador obtense a partir das variables da enquisa que proporcionan información sobre a dispoñibilidade de diferentes dispositivos electrónicos no fogar, que son agrupados nas seguintes categorías: 1 Tablet 2 Ordenador portátil 3 Ordenador de sobremesa 4 Consola de xogos con capacidade de acceso a internet 5 Smart TV 6 Altofalante intelixente e 7 Outros dispositivos domésticos diferentes aos anteriores que están conectados a internet (domótica, neveira e outros electrodomésticos, iluminación, termóstato e dispositivos de seguridade (alarma, cámaras de seguridade, pechaduras intelixentes...)).

Exclúense outros tipos de dispositivos conectables a internet pero que son estritamente persoais como poden ser os smartphones e os reloxos ou pulseiras intelixentes.

Para cada un dos fogares contabilízase o número de categorías nas que dispoñen de dispositivos. O indicador obtense como a media aritmética deste valor para todos os fogares, logo de aplicar os factores de elevación da mostra facilitados polo IGE.

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de  
Estatística do día 29 de novembro de 2013

# **41-101 Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia**

## **PROXECTO TÉCNICO**

### **Introdución**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, configúrase como a axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico (Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, DOG 16 de xaneiro de 2012).

Unha das medidas para cumprir con este obxectivo é o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. O OSIMGA, creado e regulado polo Decreto 21/2010, do 4 de febreiro de 2010 (DOG 26 de febreiro de 2010) e modificado polo Decreto 57/2013, do 11 de abril (DOG 12 de abril de 2013), defínese coma un órgano asesor para a valoración da evolución da Sociedade da Información, a modernización administrativa e a Administración electrónica nas administracións públicas de Galicia, así como para a participación e colaboración coas ditas administracións públicas nesas materias, e contribuír á promoción e extensión da Sociedade da Información e a Modernización en Galicia.

Co propósito de avaliar o estado actual e a evolución da Sociedade da Información e a administración electrónica en Galicia, caracterizando o seu posicionamento respecto do seu contorno, o OSIMGA deseñou o Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia que é unha ferramenta para medir a evolución das tecnoloxías da información e da comunicación nos diferentes eidos de observación.

O OSIMGA aborda a reestruturación do actual modelo de indicadores no marco do IV Plan Galego de Estatística 2012-2016 concretándose na operación 41-101. Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia incluída nos diferentes programas anuais que desenvolven dito plan. Esta modificación do proxecto técnico ven motivada por:

- Cambio nas fontes de información empregadas polo OSIMGA en virtude do Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas, asinado o 19 de outubro de 2012 e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013

- Actualización dos indicadores referentes ao ámbito da Administración electrónica debido á centralización na Amtega das competencias en materia das TIC.

O sistema de indicadores conta cunha metodoloxía rigorosa de captación e tratamento dos datos que garante a exactitude e fiabilidade da información a divulgar. Outro aspecto esencial do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información reside na transparencia e difusión da información deste coñecemento ao conxunto da sociedade galega.

Tomando como referencia as recomendacións establecidas no código de boas prácticas das Estatísticas Europeas, os indicadores da Sociedade da Información de Galicia son seleccionados de acordo cos seguintes criterios:

- Relevancia e pertinencia para o coñecemento da situación da Sociedade da Información en Galicia.
- Precisión e fiabilidade das fontes de información, de xeito, que os datos estean dispoñibles en fontes oficiais ou noutros organismos, institucións, asociacións, etc., cuxo prestixio estea recoñecido publicamente.
- Actualización regular conforme á súa periodicidade.
- Accesibilidade e sinxela interpretación, presentando uns indicadores susceptibles de ser comprendidos pola cidadanía.

## **Obxectivos**

O obxectivo principal desta operación estatística é presentar un conxunto de indicadores estatísticos de referencia que permitan monitorizar a evolución da Sociedade da Información e a Administración electrónica en Galicia, ofrecendo, dun modo sintético e co maior rigor posible, unha visión do conxunto da situación e do seu grao de avance.

Este sistema de indicadores persegue, ademais, a comparabilidade da situación de Galicia co seu contorno, aportando información de valor a través da análise dos diferentes ritmos de evolución.

## **Normativa**

### **Xustificación do modelo conceptual do sistema de indicadores**

Para establecer o modelo conceptual do sistema de indicadores consideráronse, como punto de partida, os traballos levados a cabo polo *Working Party on Indicators for the Information Society* (WPIIS) pertencente á Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE), constituído formalmente en abril de 1999.

A "Guía para medir a Sociedade da Información" (*Guide to Measuring the Information Society*) documenta o traballo estatístico do WPIISS e proporciona información metodolóxica relativa a: o modelo conceptual das estatísticas da sociedade da información, a definición do sector TIC, os informes modelo do uso das TIC polas empresas e nos fogares/individuos e unha clasificación dos produtos TIC.

Nesta guía tamén se sinala que o eGoberno é unha área transversal na medición da Sociedade da Información. O eGoberno pode ser considerado desde a perspectiva da demanda polo uso das tecnoloxías por parte da cidadanía e das empresas pero tamén desde o punto de vista da oferta a través da prestación de servizos públicos relacionados coa Administración electrónica.

Partindo do modelo enunciado na "Guía para medir a Sociedade da Información", [Extraído de [http://www.oecd.org/document/22/0,3343,en\\_2649\\_34449\\_34508886\\_1\\_1\\_1\\_1,00.html](http://www.oecd.org/document/22/0,3343,en_2649_34449_34508886_1_1_1_1,00.html)], ano 2009] establécese unha estrutura de indicadores baseado en dous grandes grupos:

Indicadores de oferta: referentes ao sector empresarial das TIC e á oferta de servizos públicos relacionados coa Administración electrónica e a modernización administrativa. Os indicadores de oferta subdivídense, á súa vez, en dous tipos:

- Sector TIC
- Administración electrónica

Indicadores de demanda: referentes ao nivel de equipamento e utilización de produtos e servizos TIC por parte dos diferentes grupos ou colectivos de usuarios. Os indicadores de demanda subdivídense, á súa vez, en dous tipos:

- Poboación
- Empresas

Cada indicador codifícase segundo o seguinte criterio:

TTT\_NN, onde:

TTT = tipoloxía do indicador:

TIC = indicador relativo á oferta: empresas do sector TIC

eADMON: indicador relativo á Administración electrónica

POB = indicador relativo á demanda: poboación

EMP = indicador relativo á demanda: empresas

NN = numeración secuencial que comezará por 01.

### **Descrición do sector TIC**

O denominado sector TIC está formado polas industrias manufactureiras ou de servizos nas que a súa actividade principal está vencellada co desenvolvemento, produción,

comercialización e uso intensivo das tecnoloxías da información e as comunicacións. O sector TIC caracterízase por altas taxas de innovación, progreso tecnolóxico e produtividade, polo que ten un considerable impacto na actividade económica.

A efectos estatísticos, a definición de sector TIC realízase mediante unha enumeración exhaustiva das ramas de actividade correspondentes ás empresas TIC (enfoque por sectores). Para determinar a lista de actividades, partiuse dos traballos metodolóxicos levados a cabo polos principais organismos internacionais, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e a Oficina europea de estatística (Eurostat), co fin de definir os conceptos e harmonizar a metodoloxía. A OCDE desempeña un papel fundamental no estudo do sector TIC no escenario internacional, tal é así que o WPIIS ten coma unha das súas encomendas principais a definición do sector TIC.

Os resultados sobre o Sector TIC publicados no Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia basearanse na definición establecida en termos da NACE Rev.2 e CNAE-2009.

Na táboa I relaciónase o listado de actividades que conforman o sector TIC en termos da NACE Rev. 2 e CNAE 2009 xa que nestas categorías coinciden ambas as dúas tanto en código como en título e contido.

**Táboa I: Definición do sector TIC**  
(En base ISIC Rev.4, NACE Rev.2 -CNAE 2009)

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
<b>INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS TIC</b>		
2610	26.11	Fabricación de compoñentes electrónicos
	26.12	Fabricación de placas electrónicas cargadas
2620	26.20	Fabricación de ordenadores e equipo periférico
2630	26.30	Fabricación de equipos de comunicacións
2640	26.40	Fabricación de aparatos de consumo electrónico
2680	26.80	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
<b>INDUSTRIAS COMERCIAIS TIC</b>		
4651	46.51	Comercio polo xunto de ordenadores, equipo informático periférico e programas informáticos

ISIC (Rev.4)	NACE Rev.2 CNAE 2009	ACTIVIDADE
4652	46.52	Comercio polo xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e das súas partes e pezas
<b>INDUSTRIAS DE SERVICIOS TIC</b>		
ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC		
5820	58.21	Industria editorial de xogos de ordenador
	58.29	Outros tipos de edición de programas informáticos
TELECOMUNICACIÓNS		
6110	61.10	Actividades de telecomunicacións por cabo
6120	61.20	Actividades de telecomunicacións sen fíos
6130	61.30	Actividades de telecomunicacións por satélite
6190	61.90	Outras actividades de telecomunicación
ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO		
6201	62.01	Actividades de programación informática
6202	62.02	Actividades de consulta de tecnoloxía da información
	62.03	Actividades de dirección de instalacións de ordenador
6209	62.09	Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de ordenadores
PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS		
6311	63.11	Procesamento de datos, aloxamento (hosting) e actividades conexas
6312	63.12	Portais web
REPARACIÓN DE ORDENADORES E EQUIPOS COMUNICACIONAIS		
9511	95.11	Reparación de ordenadores e equipo periférico
9512	95.12	Reparación de equipos comunicacionais

### Xustificación da selección das fontes de información

Como se sinalou anteriormente, a “Guía para medir a Sociedade da Información” serviu de base para a definición dos indicadores. Para establecer as fontes de información fíxose unha análise dos datos existentes para Galicia coa desagregación necesaria en canto a CNAE e

comparabilidade a nivel estatal e europeo. Esta información analizouse, seleccionando as fontes máis oportunas e priorizando os datos oficiais. Finalmente empregaranse as operacións estatísticas e rexistros relacionados a continuación, que se describen polo miúdo no apartado de fontes deste documento.

#### Instituto Galego de Estatística (IGE)

- Enquisa de Condicións de Vida: En virtude do “Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas”, asinado o 19 de outubro de 2012 e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013, a partir do ano 2012, esta enquisa incluírá un apartado sobre a penetración e uso das TIC na poboación en Galicia no módulo xeral (periodicidade anual) e un módulo de novas tecnoloxías (cada cinco anos) que permitirá obter os indicadores relativos á poboación. Polo tanto, empregárase a Enquisa de Condicións de Vida como fonte de información a partir do ano 2012, substituíndo a anterior fonte de información: “Enquisa á Poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia” do OSIMGA.

Segundo se establece no Convenio, os datos son recompilados polo IGE a través da inclusión dunha selección de preguntas na “Enquisa de Condicións de Vida” e, posteriormente os microdatos son procesados estatisticamente e analizados polo OSIMGA.

A selección desta fonte de información representa tamén un cambio significativo nas series temporais e no estudo da evolución das TIC nos fogares, e polo tanto, presentaranse comparativas cos datos das edicións previas realizadas polo IGE (anos 2008, 2010 e 2012) debido a que permite harmonizar datos evolutivos ao empregar nestas tres edicións a mesma metodoloxía (“Enquisa de Condicións de Vida (ECV) – IGE).

No caso de non existir o valor puntual dalgún indicador, empregárase a “Enquisa sobre equipamento e uso de tecnoloxías da información e comunicación nos fogares” do Instituto Nacional de Estatística (INE)

- Directorio de empresas e unidades locais
- Contas económicas anuais
- Afiliacións á Seguridade Social: a EPA (Enquisa de Poboación Activa), polo de agora, non ofrece os datos coa suficiente desagregación por actividade e non é posible obter os datos de emprego no sector TIC. É por iso que aquí se empregan datos de afiliacións á Seguridade Social.

#### Instituto Nacional de Estatística (INE)

- Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas: En virtude do “Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas” (asinado o 19 de outubro de 2012 e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013), partir do ano 2012, empregárase como fonte de información a explotación dos datos procedentes da enquisa do INE e proporcionados ao OSIMGA a través do IGE.

A selección desta fonte de información representa tamén un cambio significativo nas series temporais e no estudo da evolución das TIC nos fogares, e polo tanto, presentaranse comparativas cos datos das edicións previas realizadas polo INE


#### Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA):

- Empresas TIC de Galicia.  
Esta enquisa foi incluída no Programa Estatístico Anual 2013 con estado “ en proxecto” e constituirá -unha vez rematado o seu proxecto e tras a publicación dos resultados- a fonte de referencia oficial do sector TIC en Galicia.
- Estatística da Administración electrónica na Xunta de Galicia  
O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia realiza unha enquisa que identifica a dispoñibilidade dos servizos telemáticos que ofrece a Xunta de Galicia aos cidadáns, empresas e outras administracións. O OSIMGA é o responsable de subministrar os datos relativos á administración electrónica na Xunta de Galicia ao Observatorio de Administración Electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Ademais, esta operación está incluída no IV Plan Galego de Estatística 2012 - 2016
- Estatística da Administración electrónica nos Concellos de Galicia  
O OSIMGA realiza unha enquisa entre as entidades locais de Galicia co obxectivo de coñecer a implantación e a evolución da administración electrónica nos concellos galegos. O OSIMGA é a única fonte de información que realiza esta enquisa en Galicia e está incluída no IV Plan Galego de Estatística 2012 – 2016 e actualmente realízase cada 2 anos.

## **Estrutura do sistema de indicadores**

## Modelo conceptual do sistema de indicadores

A análise das fontes de información anteriormente sinaladas levou á definición do modelo de Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia, composto por 29 indicadores estruturados da seguinte forma:



### Indicadores de oferta: SECTOR TIC

Código	Indicador	Fonte
TIC_01	Número de empresas do sector TIC	Directorio de Empresas e Unidades Locais. IGE
TIC_02	Emprego do sector TIC respecto do total de emprego	Afiliacións á Seguridade Social, IGE
TIC_03	Volume de negocios do sector TIC	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
TIC_04	Contribución do sector TIC ao PIB	Contas Económicas Anuais. IGE
TIC_05	Porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades de I+D no último ano	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA
TIC_06	Porcentaxe de empresas do sector TIC que empregan software libre	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA
TIC_07	Porcentaxe de empresas TIC que venderon a través de Internet no último ano	Empresas TIC de Galicia. OSIMGA

### **Indicadores de oferta: ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
eADMON_01	Porcentaxe de persoas que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet nos últimos doce meses, desglosado por motivo de interacción: 1.1 Obter información da web da Administración 1.2 Descarga de formularios oficiais 1.3 Enviar formularios cubertos (% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses)	Enquisa de Condicións de Vida (IGE)
eADMON_02	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, desglosado por motivo de interacción: 2.1. Para obter información 2.2. Para obter impresos e formularios 2.3. Para devolver impresos cumprimentados (% sobre as empresas con conexión a Internet)	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. (INE)
eADMON_03	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, desglosado por motivo de interacción: 3.1. Para obter información 3.2. Para obter impresos e formularios	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. (INE)

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
	3.3. Para devolver impresos cumprimentados (% sobre as empresas con conexión a Internet)	
eADMON_04	Porcentaxe de procedementos que se poden iniciar telematicamente respecto ao total de procedementos que proporciona a Xunta de Galicia. 4.1. Para a cidadanía 4.2. Para as empresas	Estatística da Administración electrónica na Xunta de Galicia. OSIMGA
eADMON_05	Porcentaxe de axudas iniciadas telematicamente respecto ao total de axudas da Xunta de Galicia.	Estatística da Administración electrónica na Xunta de Galicia. OSIMGA
eADMON_06	Porcentaxe de Concellos galegos que dispoñen das seguintes aplicacións e elementos vinculados coa Administración electrónica: 7.1 Rexistro electrónico 7.2 Sede electrónica 7.3 Pago electrónico	Estatística da Administración electrónica nos Concellos de Galicia. OSIMGA

### **Indicadores de demanda: POBOACIÓN**

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
POB_01	Porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_02	Porcentaxe de fogares que dispoñen de conexión a Internet contratado	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_03	Porcentaxe de fogares que dispoñen de conexión a Internet a través de banda larga.	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_04	Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
POB_05	Porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE
POB_06	Porcentaxe de persoas que adquiriron algún produto ou servizo por Internet nos tres últimos meses	Enquisa de Condicións de Vida. IGE

#### **Indicadores de demanda: EMPRESAS**

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
EMP_01	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_02	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet a través de banda larga.	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_03	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet e páxina web	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_04	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que compraron a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_05	Porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as que venderon algún produto ou servizo a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_06	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_07	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con conexión a Internet a través de banda larga.	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_08	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as con con conexión a Internet e páxina web	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)
EMP_9	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as que compraron a través de	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)

<b>Código</b>	<b>Indicador</b>	<b>Fonte</b>
	Internet no último ano	
EMP_10	Porcentaxe de empresas de menos de 10 empregados/as que venderon algún produto ou servizo a través de Internet no último ano	Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas (INE)

## **Fontes de Información**

### Enquisas de Condicións de Vida (IGE)

En virtude do “Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas”, asinado o 19 de outubro de 2012 e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013, a partir do ano 2012, esta enquisa incluírá un apartado sobre a penetración e uso das TIC na poboación en Galicia no módulo xeral (periodicidade anual) e un módulo de novas tecnoloxías (cada cinco anos) que permitirá obter os indicadores relativos á poboación. Por tanto, empregárase a Enquisa de Condicións de Vida como fonte de información principal a partir do ano 2012, substituíndo a anterior fonte de información: “Enquisa á Poboación sobre a Sociedade da Información en Galicia” do OSIMGA.

Segundo se establece no Convenio, os datos son recompilados polo IGE a través da inclusión dunha selección de preguntas na “Enquisa de Condicións de Vida” e, posteriormente os microdatos son procesados estatisticamente e analizados polo OSIMGA.

Tipo de actividade da orixe dos datos: Enquisa realizada polo IGE dirixida aos fogares galegos.

Organismo que facilita a información: Os datos son recollidos polo IGE e este lle facilita os microdatos ao OSIMGA para que os explore estatisticamente. A información obtérase a partir dunha explotación a medida nas vivendas nas que reside, cando menos, unha persoa de 16 a 74 anos.

Ámbito poboacional: As poboacións obxecto de investigación, para elaborar os indicadores desta estatística, son o conxunto de fogares galegos nos que reside, cando menos, unha persoa de 16 a 74 anos e as persoas de 16 a 74 anos que conforman estes fogares.

Ámbito xeográfico: o ámbito xeográfico da enquisa abarca todo o territorio galego. Dentro de cada provincia, os concellos agrúpanse en áreas, cada unha das cales é unha comarca ou unha agregación de comarcas veciñas.

Ámbito temporal: segundo e terceiro trimestre do ano.

Unidades de información: Distínguense dous tipos de análise: fogar e persoa membro do fogar. O fogar é a unidade básica de análise. Cando se analizan os datos dos fogares, téñense en conta as persoas de 16 a 74 anos que conforman cada un deles.

Variables empregadas:

- Porcentaxe de fogares que dispoñen de ordenador
- Porcentaxe de fogares que dispoñen de conexión a Internet contratada
- Porcentaxe de fogares que dispoñen de conexión a Internet a través de banda larga.

Defínese “banda larga” como aquelas conexións a Internet con velocidade igual ou superior a 1Mbps e conexión a través de ADSL, Cable, Wimax ou 3G/HSDPA (teléfonos móbiles de últimas xeracións, tablets con capacidade 3G/HSDPA\* (iPad, Android, ...), módems USB conectados a ordenadores fixos ou portátiles, routers MiFi\*...)

\*Nota: non se inclúen dispositivos que soamente teñan capacidade Wifi e que polo tanto precisasen dunha conexión de banda larga externa para acadar conectividade.

\*\*Nota: bases que converten 3G a Wifi para permitir compartir unha conexión 3G entre varios dispositivos

- Porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador nos tres últimos meses
- Porcentaxe de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses
- Porcentaxe de persoas que adquiriron algún produto ou servizo por Internet nos tres últimos meses
- Porcentaxe de persoas que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet nos últimos doce meses

#### Directorio de empresas e unidades locais. (IGE)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Explotación estatística do directorio de empresas que elabora o IGE sobre as empresas e unidades locais con actividade económica en Galicia.

Organismo que facilita a información: Instituto Galego de Estatística (IGE). Os datos obteranse a partir da información publicada na web do IGE <http://www.ige.eu>

Ámbito territorial e temporal: Recóllese información para Galicia, cunha periodicidade anual.

Variables empregadas: Este directorio proporciona de forma indirecta o seguinte indicador, obtido polo método descrito no apartado de procedemento de cálculo:

- Número de empresas do sector TIC

Poderá empregarse o dato facilitado polo INE, se o valor deste indicador fose publicado con anterioridade.

### Afiliacións á Seguridade Social segundo os réximes e ramas da CNAE-2009. Galicia

Tipo de actividade da orixe dos datos: Explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores/as aos distintos réximes da Seguridade Social.

Organismo que facilita a información: IGE. Os datos obteranse a partir da información publicada na web do IGE  [<http://www.ige.eu>](http://www.ige.eu) e a partir dunha petición a medida nos códigos CNAE que definen o sector TIC, é dicir, o IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social elaborará a información ex profeso para estes códigos CNAE (non se difunde a información a tres díxitos na páxina web do IGE)

Ámbitos territorial e temporal: Galicia. Os datos das afiliacións refírense ao último día do mes de xuño e de decembro. Deste xeito, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social envía cada semestre, ao IGE a base de datos das contas de cotización, que é de onde se extraen as afiliacións coa desagregación por CNAE suficiente para delimitar o sector TIC.

Ámbito poboacional: traballadores/as afiliados/as aos distintos réximes do Sistema da Seguridade Social en situación de alta laboral e situacións asimiladas ao alta, tales como incapacidade temporal, suspensión por regulación de emprego, desemprego parcial, etc.; os datos, pola contra, non inclúen aos traballadores/as en situación de desemprego, con convenios especiais, pertencentes a empresas acollidas a plans de reconversión e que reciben axudas en concepto de xubilación anticipada e situacións especiais sen efecto en cotizacións. O dato é a suma de afiliacións, de xeito que se un traballador está dado de alta en dous réximes conta dúas veces.

Variables empregadas: Esta estatística proporciona de forma indirecta o seguinte indicador, obtido polo método descrito no apartado de procedemento de cálculo:

- Emprego do sector TIC respecto do total de emprego

### Contas económicas anuais (IGE)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Estatística de síntese que utiliza toda a información dispoñible no sistema estatístico, tanto a procedente de enquisas dirixidas a empresas ou a fogares, rexistros administrativos, información puntual de empresas ou da Administración pública, etc.

O sistema de contas económicas anuais está adaptado ao Sistema Europeo de Contas, que aplican de xeito harmonizado todos os Estados membros da Unión Europea (UE).

Organismo que facilita a información: Instituto Galego de Estatística. Os datos obteranse a partir da información publicada na web do IGE  [<http://www.ige.eu>](http://www.ige.eu) e a partir dunha petición a medida do Valor Engadido Bruto (VEB) do sector TIC.

Ámbitos territorial e temporal: Recóllese información para Galicia, cunha periodicidade anual.

Variables empregadas:

A partir das seguintes variables:

- Valor engadido bruto (VEB): é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios para cada rama produtiva
- Produto interior bruto (PIB): é o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes

obtense información para o cálculo do indicador:

- Contribución do sector TIC ao PIB

#### Enquisa de uso de TIC e comercio electrónico nas empresas. INE

En virtude do “Convenio de Colaboración entre a Amtega e o IGE para a optimización das operacións estatísticas nos fogares e nas empresas” (asinado o 19 de outubro de 2012 e publicitado no DOG de 20 de marzo de 2013), a partir do ano 2012, empregárase como fonte de información a explotación dos datos procedentes da enquisa do INE e proporcionados ao OSIMGA a través do IGE.

Tipo de actividade da orixe dos datos: Enquisa realizada polo INE entre as empresas con actividade en España.

Organismo que facilita a información: IGE, a partir dunha explotación dos microdatos facilitados polo INE relativos ás empresas con actividade en Galicia.

Ámbito poboacional: A poboación obxecto de investigación son as empresas, cuxa actividade principal corresponda aos epígrafes CNAE-2009 do 10 ao 32, 37, 40 e 41, 45, do 50 ao 52, 55, do 60 ao 63, do 64 ao 67, do 70 ao 74, do 80 ao 85, 90, 93, 92.1 e 92.2.

A partir do ano 2009, a enquisa estuda a poboación definida en termos da CNAE-2009 formada por todas as empresas cuxa actividade principal se describe nas seccións : C, D, E, F, G, H, I, J, a sección L, as divisións da 69 á 74 da sección M, a sección N e o grupo 95.1 segundo a CNAE–2009.

Ámbito xeográfico: O ámbito xeográfico da enquisa abarca todo o territorio español, mais para a elaboración dos indicadores que se inclúen neste sistema, o ámbito xeográfico será as empresas que desenvolven unha actividade empresarial en Galicia

A enquisa do INE ten como unidade elemental a empresa que exerce unha actividade económica (encadrada esta dentro dos epígrafes da CNAE ditos) dentro do territorio español. O INE clasifica as empresas por comunidades autónomas a partir da localización da súa sede e emprega este ámbito xeográfico para estratificar a poboación (xunto co intervalo de

empregados e a rama de actividade económica). A información do cuestionario está referida a totalidade da empresa e, como as empresas poden ter un ou varios establecementos, o cuestionario tamén incluírá a información dos establecementos que estean localizados nun sitio diferente ao da sede da empresa. Para estes indicadores consideraranse ás empresas que desenvolven unha actividade empresarial en Galicia e serán as empresas con sede en Galicia máis aquelas con sede fóra de Galicia pero que teñan alomenos un establecemento dentro da comunidade (empresas multilocalizadas).

Ámbito temporal: Esta enquisa ten unha periodicidade anual.

Unidades de información: A empresa é a unidade básica de análise.

Variables empregadas para obter os indicadores relativos ás empresas de 10 e máis empregados/as e ás empresas de menos de 10 empregados/as:

- Porcentaxe de empresas con conexión a Internet
- Porcentaxe de empresas con conexión a Internet a través de banda larga: conexión DSL (ADSL, HDSL, SDSL,...) ou outras conexións fixas (cable, fibra óptica (FTTH), PLC, leased line, satélite,..), telefonía móbil de banda larga (utilizando tecnoloxía 3G ou superior nun ordenador portátil ou outro dispositivo electrónico ou utilizando un móbil con tecnoloxía 3G ou superior) ou outras conexións móbiles (móbiles analóxicos que utilicen GSM, GPRS, EDGE,...).
- Porcentaxe de empresas con conexión a Internet e páxina web
- Porcentaxe de empresas que compraron algún produto ou servizo a través de Internet no último ano
- Porcentaxe de empresas que venderon algún produto ou servizo a través de Internet no último ano
- Porcentaxe de empresas que interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano

#### Empresas TIC de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Enquisa realizada polo OSIMGA entre todas as empresas do sector TIC de Galicia.

Organismo que facilita a información: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Os resultados desta enquisa poden consultarse na páxina web do OSIMGA: [http://www.osimga.org/gl/documentos/doc\\_propios/empresas\\_tic/](http://www.osimga.org/gl/documentos/doc_propios/empresas_tic/)

Ámbito poboacional: as poboacións obxecto de investigación son as empresas con establecementos en Galicia, cuxa actividade principal corresponda aos epígrafes CNAE anteriormente definidos para o Sector TIC.

Ámbito xeográfico: O ámbito xeográfico da enquisa abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal: Esta enquisa facilita información anual

Unidades de información: A empresa do sector TIC é a unidade básica de análise.

Variables empregadas:

A enquisa ofrécenos información directa para o conxunto de Galicia dos seguintes indicadores:

- Porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades de I+D no último ano. Enténdese por I+D: o conxunto de traballos creativos que se emprenden de xeito sistemático co fin de aumentar o volume de coñecementos, así como a utilización desa suma de coñecementos para concibir novas aplicacións. A I+D engloba tres tipos de actividades: a investigación básica, a investigación aplicada e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Porcentaxes de empresas TIC que empregan software libre. Enténdese por software libre: o tipo de software que, unha vez obtido, pode ser usado, copiado, estudado, modificado e redistribuído libremente.
- Porcentaxe de empresas TIC que venderon a través de Internet no último ano.

A enquisa permite obter de forma indirecta o seguinte indicador, obtido polo método descrito no apartado de procedemento de cálculo:

- Volume de negocios do sector TIC: importe total resultante da suma das vendas comerciais de bens e servizos subministrados a terceiros. Obtense como resultado de deducir do importe das vendas de produtos, mercadorías e similares, e das prestacións de servizos correspondentes ás actividades ordinarias da empresa, o importe dos descontos e demais bonificacións sobre as vendas, así como o IVE e outros impostos directamente relacionados.

Estatística da Administración electrónica na Xunta de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Estatística realizada polo OSIMGA

Organismo que facilita a información: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Os resultados desta estatística poden consultarse na páxina web do OSIMGA: [http://www.osimga.org/gl/documentos/doc\\_propios/eadministracion/](http://www.osimga.org/gl/documentos/doc_propios/eadministracion/)

Ámbito poboacional: A poboación obxecto de investigación é a Xunta de Galicia, dado que a Amtega ten centralizado as competencias en materias das TIC.

Ámbito temporal: esta estatística ten unha periodicidade anual.

Unidades de información: a unidade básica da análise é a Administración da Xunta de Galicia,

Variables empregadas referidas ao total da Administración da Xunta de Galicia, obtidos de forma directa a partir da estatística:

- Porcentaxe de procedementos que se poden iniciar telematicamente respecto ao total de procedementos que proporciona a Xunta de Galicia.

4.1. Para a cidadanía

4.2. Para as empresas

Entendendo por “procedemento /trámite telemático”: son as interaccións da cidadanía e as empresas coas Administracións Públicas que se realizan dun xeito electrónico, desde a descarga dun formulario ata a utilización do rexistro telemático

(Definición extraída do Glosario da eAdministración da Xunta de Galicia: <http://www.xunta.es/glosario-de-eadministracion>).

- Porcentaxe de axudas iniciadas telematicamente respecto ao total de axudas da Xunta de Galicia.

#### Estatística da Administración electrónica nos Concellos de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Tipo de actividade da orixe dos datos: Estatística realizada polo OSIMGA entre os Concellos de Galicia

Organismo que facilita a información: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Os resultados desta estatística poden consultarse na páxina web do OSIMGA: [http://www.osimga.org/gl/documentos/doc\\_propios/eadministracion/](http://www.osimga.org/gl/documentos/doc_propios/eadministracion/)

Ámbito poboacional: A poboación obxecto de investigación está formada por todos os Concellos de Galicia

Ámbito temporal: esta estatística realízase cada dous anos

Unidades de información: a unidade básica da análise é a parte da Administración local correspondente aos concellos de Galicia

Variables empregadas referidas á parte da Administración local dos concellos de Galicia, obtidos de forma directa a partir da estatística:

- Porcentaxe de concellos de Galicia que dispoñen de:

- Rexistro electrónico
- Sede electrónica
- Pago electrónico

Cando haxa cambios de fonte, como esta pode achegar algunha diferenza que se reflectirá na evolución do indicador, farase constar nunha nota a pé de táboa así como a intención de actualizar os datos consonte a fonte determinada inicialmente en canto estean dispoñibles.

## Procedemento de cálculo

Para medir o grao de penetración e avance da Sociedade da Información en Galicia resulta moi útil comparar algúns dos indicadores seleccionados cos indicadores máis relevantes do contexto sectorial e macroeconómico. A utilización destes indicadores xustifícase pola necesidade de medir o impacto da Sociedade da Información sobre a economía e o emprego dun país.

A definición dun sistema de indicadores para Galicia debe permitir, ademais, establecer comparanzas coas políticas da Sociedade da Información desenvolvidas no marco estatal e europeo. É por iso que os indicadores deseñados neste modelo están aliñados con aqueles que están definidos nos ámbitos mencionados.

Partindo destas consideracións, a obtención dos indicadores da Sociedade da Información de Galicia realizarase a partir de distintos métodos, que se resumen nos dous procedementos seguintes:

- Obtención directa a partir das fontes de información. Extraeranse directamente a partir das fontes da información os seguintes indicadores:
  - Os indicadores de demanda (poboación e empresas)
  - Os indicadores relativos á Administración electrónica
  - Os indicadores “TIC\_05 Porcentaxe de empresas TIC que realizaron actividades de I+D no último ano”, “TIC\_06 Porcentaxe de empresas do sector TIC que empregan software libre” e “TIC\_07 Porcentaxe de Empresas TIC que venderon a través de Internet no último ano”
- Obtención indirecta a partir das fontes de información.
  - Os Indicadores TIC\_01, TIC\_02, TIC\_03, TIC\_04 calcularanse a través da agregación dos valores correspondentes ás actividades do sector TIC e mediante a expresión de ratios comparativos entre a magnitude relativa á Sociedade da Información e o contexto económico. Os cálculos efectuaranse anualmente nunha folla de cálculo. A continuación, descríbense os métodos aplicados para a obtención deste tipo de indicadores.

**Indicador TIC\_01: Número de empresas do sector TIC**

Este indicador calcularase a partir do número de empresas por actividade económica a tres díxitos, extraído do Directorio de empresas e unidades locais que elabora o Instituto Galego de Estatística. Para a obtención deste indicador, agregaranse o número de empresas que configuran o sector TIC de Galicia, seleccionando os códigos CNAE indicados na definición do sector TIC

**Indicador TIC\_02: Emprego do sector TIC respecto do total de emprego**

Este indicador defínese a partir do número de afiliados/as en alta laboral segundo actividade, proporcionado polo IGE a partir dos datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social Para o cálculo do indicador, en primeiro lugar, sumarase o número de afiliados/as en alta laboral do sector TIC de Galicia (agregación de CNAEs indicadas na definición do sector TIC) e o resultado dividirase entre o número de afiliados/as en alta laboral de Galicia. O valor final do indicador expresarase en porcentaxe.

**Indicador TIC\_03: Volume de negocios do sector TIC**

Este indicador obtense a partir da cifra de negocios que facilitan as empresas na Enquisa ás Empresas TIC sobre a Sociedade da Información en Galicia, realizada polo OSIMGA. Para a estimación do valor deste indicador, seguiranse os seguintes pasos:

1. Para cada un dos códigos CNAE que conforman o sector TIC, sumaranse as cifras de negocios indicadas polas empresas, obténdose para cada CNAE os volumes de negocio das empresas TIC enquisadas.
2. Dividiranse estes volumes de negocio entre o número de empresas enquisadas na correspondente CNAE, obténdose as cifras medias de negocio das empresas pertencentes a cada epígrafe CNAE do sector TIC.
3. Para cada un dos códigos CNAE que conforman o sector TIC, multiplicaranse as cifras medias de negocio polo número de empresas dese subsector, extraído do Directorio de empresas e unidades locais do IGE, obténdose os volumes de negocio das empresas de cada código CNAE do sector TIC.
4. O valor final do indicador será o resultado da suma dos anteriores volumes de negocio.

**Indicador TIC\_04: Contribución do sector TIC ao PIB**

Para obter este indicador, consideramos o Valor Engadido Bruto (VEB) de Galicia nos códigos CNAE indicados na definición do sector TIC extraídos das Contas económicas anuais do IGE. A suma destes valores do VEB divídese entre o PIB de Galicia, publicado nas Contas económicas anuais do IGE. Este cociente, expresado en porcentaxe, proporciona o valor do indicador.

## **Difusión**

### **Presentación de Resultados**

O plano de difusión do Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia contempla a presentación dos resultados en táboas segundo a estrutura do modelo establecido:

- Indicadores de oferta: sector TIC
- Indicadores de oferta: Administración electrónica
- Indicadores de demanda: Poboación
- Indicadores de demanda: Empresas de 10 e máis empregados/as
- Indicadores de demanda: Empresas de menos de 10 empregados/as

Nestas táboas recollerase o valor actual do indicador e a súa evolución nos tres últimos anos. Os datos correspondentes a avances de resultados especificaranse coa letra (A) e os provisionais indicaranse coa letra (P).

Por outra banda, cómpre sinalar que a evolución continua da Sociedade da Información obriga a realizar unha vixilancia constante das tendencias das novas tecnoloxías e, por iso, podería ser necesaria a actualización ou a incorporación dalgún indicador para manter a vixencia e a validez desde sistema.

O Sistema de Indicadores da Sociedade da Información de Galicia publicarase na páxina web do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia:

<http://www.osimga.org>